outubro de 2008, así como as reclamacións estimadas e desestimadas.

Segundo.-Informar que contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán formalizar demanda perante o xulgado do social do lugar de prestación dos servizos ou o do domicilio dos demandantes, á escolla destes. A esta demanda xuntaranlle copia da resolución denegatoria, unindo copia de toda a documentación para a entidade demandada; advírteselle que non terá efecto a reclamación se os interesados non presentaren a demanda perante o xulgado no prazo de dous meses contando desde a notificación da resolución, conforme o disposto nos artigos 10, 69, seguintes e concordantes do Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral (BOE do 11 de abril).

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2008.

María José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 9 de xaneiro de 2009 pola que se modifica a Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria (procedemento IN514B).

Mediante a Orde do 28 de abril de 2008, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 8 de maio de 2008, fixéronse públicas as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión. Mediante a devandita orde convocáronse as subvencións e seleccionáronse as entidades colaboradoras para as anualidades 2008 e 2009.

Neste momento, cómpre proceder á modificación da orde co fin de dar cabida ás actuacións que se desenvolverán integramente na anualidade 2009. En consecuencia, por unha banda, convócanse as subvencións para a dita anualidade e, por outra, selecciónanse novas entidades colaboradoras que participarán, xunto coas existentes, na súa xestión.

Por todo isto, e no uso das facultades que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación da Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria (procedemento IN514B).

A Orde do 28 de abril de 2008 modifícase nos seguintes termos:

Un.-No número 1 do artigo 3 Actuacións e gastos subvencionables engádese o punto c) redactado do seguinte xeito:

«c) Actuacións anuais que se van realizar no ano 2009.

Tipo c.1) Actuacións de implantación e certificación de sistemas de xestión.

Proxectos de implantación e certificación de sistemas de xestión correspondentes aos referenciais recollidos no anexo A, que cumpran cos seguintes criterios:

-Que a implantación comece e remate no ano 2009 e se acade a correspondente certificación na devandita anualidade.

-Que o referencial se implante, como mínimo, nos seguintes períodos de tempo:

*En microempresas, coma mínimo, nun período de 4 meses.

*En pequenas empresas, como mímimo, nun período de 6 meses.

*En medianas empresas, como mímimo, nun período de 8 meses.

Esta clasificación establecerase segundo a Resolución da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOUE do 20 de maio) sobre definición de microempresa, pequena e mediana empresa.

Gastos subvencionables:

Gastos de consultoría e asistencia para a implantación e gastos de certificación.

Tipo c.2) Actuacións de certificación de sistemas de xestión.

Proxectos de certificación de sistemas de xestión correspondentes aos referenciais recollidos no anexo A, nos seguintes supostos:

-Que en anos anteriores se implantase totalmente o referencial e que no ano 2009 acade a correspondente certificación.

-Que en anos anteriores ou no ano 2009, o referencial se implantase ou se implante totalmente por persoal propio da empresa, e que acade a correspondente certificación na anualidade 2009.

Gastos subvencionables:

Gastos de certificación.

Tipo c.3) Actuacións de elaboración e verificación de memorias de RSE.

Proxectos de elaboración e verificación de memorias de RSE relativas ao ano 2008, que cumpran cos seguintes criterios:

-Que se elabore e se verifique no ano 2009.

Gastos subvencionables.

Gastos de consultoría e asistencia para a elaboración e gastos de verificación».

Dous.-O parágrafo segundo do número 2 do artigo 3 queda redactado do seguinte xeito:

«Os gastos subvencionables para as actuacións de tipoloxía a.1), a.2), a.3), a.4) e b.1) deberán estar realizados e efectivamente pagados no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2008 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 15 destas bases reguladoras e, para as actuacións de tipoloxía c.1), c.2) e c.3) deberán estar realizados e efectivamente pagados no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2009 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 15 destas bases reguladoras. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto».

Tres.-No artigo 4 Contía das axudas, engádense as letras f), g) e h) redactadas do seguinte xeito:

«f) No caso do tipo c.1), actuacións de implantación e certificación de sistemas de xestión no ano 2009, 4.000 € para a implantación completa e 2.500 € para a certificación por referencial que se implantará e certificará.

g) No caso do tipo c.2), actuacións de certificación de sistemas de xestión no ano 2009, 2.500 € por referencial que se certificará.

h)No caso do tipo c.3), actuacións de elaboración e verificación de memorias de RSE 14.000 €».

Catro.-O parágrafo primeiro do artigo 5 Financiamento da Consellería de Innovación e Industria queda redactado do seguinte xeito:

Para a concesión destas axudas, que terán a modalidade de subvención, destinaranse os créditos globais das aplicacións orzamentarias que se indican a seguir:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Ano 2008 (€)	Ano 2009 (€)
10.04.741A.770.0	Axudas para a promoción e internacionalización e mellora da competitividade das empresas.	1.000.000	2.100.000
10.04.571A.770.0	Axudas para o desenvolvemento da sociedade da información	78.895	0

Cinco.-O parágrafo primeiro do artigo 6 Entidades colaboradoras queda redactado do seguinte xeito:

«Para os efectos desta orde, poderán ser entidades colaboradoras as entidades privadas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, con domicilio social ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia que acrediten as condicións de solvencia que se establecen no artigo 7.3º e que correspondan a algún dos seguintes tipos:

Tipo 1.-Entidades avaliadoras da conformidade (certificadoras) debidamente acreditadas pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC).

Tipo 2.-Entidades consultoras que realicen actividade relacionada coas accións de implantación de modelos de xestión ou elaboración de memorias de RSE».

Seis.-No artigo 6 Entidades colaboradoras engádese un quinto parágrafo redactado do seguinte xeito:

«As entidades colaboradoras ademais de xestionar e tramitar as axudas relativas á Orde do 28 de abril de 2008, deberán desenvolver as actuacións obxecto da subvención».

Sete.-O parágrafo primeiro do artigo 7 Solicitude para acadar a condición de entidade colaboradora, selección e notificación queda redactado do seguinte xeito:

«Poderán adquirir a condición de entidade colaboradora aquelas entidades que reúnan os requisitos establecidos no artigo anterior e que o soliciten no prazo de 1 mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. No ano 2009 este prazo será desde o día seguinte ao da publicación da modificación desta orde no *Diario*

Oficial de Galicia ata o 11 de febreiro de 2009, ambos os dous incluídos».

Oito.-O parágrafo primeiro do punto 3 do artigo 7 Documentación relativa á solvencia queda redactado do seguinte xeito:

«Entidades colaboradoras de tipo 1:

Certificado emitido por ENAC onde se especifiquen as normas e os sectores de actividades para os cales están acreditados pola devandita entidade».

Nove.-O parágrafo segundo do artigo 11 Instrución do procedemento queda redactado do seguinte xeito:

«O resto das solicitudes quedarán en reserva para seren atendidas co crédito que quedase libre, de se producir algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, sempre e cando o beneficiario notifique, a través da entidade colaboradora, ante a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información a dita renuncia ou modificación antes do 13 de novembro de 2009, presentándoa no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia mediante a aplicación informática internet express».

Dez.-O parágrafo primeiro do artigo 15 Xustificación e pagamento das axudas, queda redactado coma segue:

«Para cobrar a subvención concedida, a entidade colaboradora deberá presentar, ata o día 11 de decembro de cada anualidade para as actuacións de tipoloxía a1), a2), a3), a4) e b1) e ata o día 27 de novembro de 2009 para as actuacións de tipoloxía c1), c2) e c3), a documentación xustificativa que se establece a seguir, no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e mediante copia dixitalizada e sinatura electrónica (ver artigo 7º)».

Once.-No parágrafo primeiro do artigo 15 Xustificación e pagamento das axudas, engádense os letras g), h) e i) redactadas do seguinte xeito:

«g) No caso da realización de actuacións anuais do tipo c.1. do artigo 2º, requirirase declaración de que a implantación se realizou nas datas establecidas na solicitude de concesión de axudas, así como o correspondente certificado emitido polas entidades avaliadoras da conformidade (certificadoras).

h) No caso da realización de actuacións anuais do tipo c.2. do artigo 2º bastará coa presentación do correspondente certificado emitido pola entidade avaliadora da conformidade (certificadora).

i) No caso de actuacións anuais de tipo c.3 do artigo 2º bastará coa presentación da correspondente verificación emitida pola entidade avaliadora de conformidade (certificadora)».

Doce.-No parágrafo segundo artigo 15 Xustificación e pagamento das axudas, engádese a letra h) redactada do seguinte xeito:

«h) Certificado, datado como máximo nos 15 días anteriores á data de xustificación, expedido pola entidade bancaria onde se realizarán os ingresos da Consellería de Innovación e Industria á entidade colaboradora, que poña de manifesto que a devandita entidade non ten débedas vencidas con ela».

Trece.-A cláusula sexta Obrigas da Consellería de Innovación e Industria do anexo I Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora… para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 queda redactada do seguinte xeito:

«A Consellería de Innovación e Industria obrígase a pagar á entidade colaboradora a cantidade correspondente por cada proxecto concedido na resolución das axudas con cargo ás aplicacións orzamentarias 10.04.741A.770.0 Axudas para a promoción e internacionalización e mellora da competitividade das empresas, na que se establece a cantidade de 1.000.000 € para a anualidade 2008 e de 2.100.000 € na anualidade de 2009 dos orzamentos da Consellería de Innovación e Industria, e 10.04.571A.770.0 Axudas para o desenvolvemento da sociedade da información na que se establece a cantidade de78.641€ para a anualidade 2008 financiada con fondos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para o desenvolvemento do Programa PEME Dixital no marco do Plan Avanza».

Catorce.-O anexo III *Manifestación do interese de acceder ás axudas* queda redactado como figura no anexo desta orde.

Disposición derradeira

Única.-Esta orden entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2009.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

ANEXO III (folla 1)

(Manifestación do interese de acceder ás axudas)

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
Subvencións a Pemes galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e elaboración e verificación de memorias de RSE e para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión.	**IN514B**	*SOLICITUDE*

MANIFESTACIÓN DO INTERESE DA EMPRESA BENEFICIARIA EN ACCEDER Á AXUDA.

D./Dª. con DNI:

D./Dª. con DNI:

En nome e representación da empresa:

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA			
ENDEREZO			CIF/NIF
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	
ACTIVIDADE PRINCIPAL			IAE

MANIFESTA

O seu interese en acceder ás axudas convocadas ao abeiro da orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión para realizar o proxecto.

PROXECTO

Consultoría

	Consultora	Mes de inicio	Mes de finalización	Importe sen IVE
Implantación				

Certificación

	Certificadora	Mes de inicio	Mes de finalización	Importe sen IVE
Certificación				

E designo como entidade colaboradora para a tramitación desta axuda ante a consellería a entidade……

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA(S) QUE O REPRESENTE(N) E SELO DA ENTIDADE

de de

(sinatura)

Directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

ANEXO III (folla 2)

(Manifestación do interese de acceder ás axudas)

D./Dª . con DNI :

D./Dª . con DNI :

DECLARA EXPRESAMENTE:

1) QUE COÑECE E ADMITE as condicións establecidas nas bases reguladoras da Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria e CUMPRE COS REQUISITOS establecidos nelas.
2) QUE NON SE ATOPA incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3) QUE A DITA EMPRESA PERTENCE Á CATEGORÍA DE PEME, de acordo cos criterios establecidos na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOCE do 20 de maio de 2003), sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

☐ Microempresa ☐ Pequena empresa ☐ Mediana empresa

4) QUE NON OPERA nos sectores da pesca e da acuicultura, na produción primaria, transformación e comercialización dos produtos agrícolas e no sector do carbón segundo as condicións que se especifican no artigo 1 do Regulamento (CE) 1999/2006, *de minimis*.
5) QUE consente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como ás sancións impostas, no rexistro creado polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.
6) QUE SOLICITOU E/OU TEN CONCEDIDAS para o mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, as axudas que se relacionan a seguir:

Denominación do organismo, sociedade ou entidade pública á que lle foi solicitada axuda e disposición regulatoria	Datas de:		Importe (en euros)	
	Solicitude	Concesión (1)	Solicitado	Concedido (2)

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude , indicarase PENDENTE nesta columna.
(2) Nas solicitudes denegadas farase constar 0 euros nesta columna.

7) QUE a citada entidade, no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios fiscais anteriores á solicitude de subvención ao abeiro desta convocatoria (risque cun x o que proceda):

☐ NON OBTIVO NINGUNHA SUBVENCIÓN OU AXUDA PÚBLICA SUXEITA AO RÉXIME *DE MINIMIS*

☐ SI OBTIVO OU SOLICITOU OUTRAS SUBVENCIÓNS E/OU AXUDAS PÚBLICAS SUXEITAS AO RÉXIME *DE MINIMIS* que son as que a seguir se relacionan:

Denominación do organismo, sociedade ou entidade pública á que lle foi solicitada axuda	Proxecto para o que solicitou a axuda e disposición regulatoria.	Datas de:		Importe (en euros)	
		Solicitude	Concesión (1)	Solicitado	Concedido (2)

Así mesmo, comprométese a comunicar cantas axudas *de minimis* ou outras axudas solicite ou obteña para a mesma actuación das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o artigo 15.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA(S) QUE O REPRESENTE(N) E SELO DA ENTIDADE

de de

(sinatura)

Directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información

Validación de formularios